



Noia



**un paseo de
historia e vida**



Noia

PARA FALAR DA HISTORIA DE NOIA É NECESARIO REMONTARSE AO DILUVIO UNIVERSAL E Á VINCULACIÓN DA VILA, CERTA OU FICTICIA, CON NOÉ E A SÚA ARCA. ESTA NOBRE VILA VIVIU DURANTE A IDADE MEDIA OS SEUS ANOS DE MAIOR ESPLENDOR, GRAZAS, FUNDAMENTALMENTE, A SÚA PROXIMIDADE A SANTIAGO DE COMPOSTELA. DURANTE ESTA ÉPOCA, ERA COÑECIDA COMO O «PORTUS APOSTOLI», ISTO É, O PORTO DO APÓSTOLO, QUE FOI UTILIZADO NO PASADO POLOS PEREGRINOS PARA REALIZAR O SEU CAMIÑO CARA A SANTIAGO. HOXE EN DÍA, ESTE PORTO DESAPARECEU DEBIDO A UN PROCESO DE SEDIMENTACIÓN NA RÍA, OCORRIDO AO LONGO DO SÉCULO XIX.

Imprescindibles

Xardíns de Felipe Castro
e igrexa de San Francisco

A



Igrexa de Santa María a Nova

B



Cemiterio de Santa María a Nova

C



Casa García Suárez

D



Teatro Coliseo Noela

E




Praza do Tapal
e igrexa de San Martiño

F



A ruta



- 1 Xardíns Felipe de Castro
- 2 Rúa Porta da Vila
- 3 Rúa do Curro
- 4 Praza da Constitución

- 5 Praza do Tapal
- 6 Rúa da Pelegrina
- 7 Dique Gasset
- 8 Rúa do Cantón



Noia

PARA FALAR DA HISTORIA DE NOIA É NECESARIO REMONTARSE AO DILUVIO UNIVERSAL E Á VINCULACIÓN DA VILA, CERTA OU FICTICIA, CON NOÉ E A SÚA ARCA. ESTA NOBRE VILA VIVIU DURANTE A IDADE MEDIA OS SEUS ANOS DE MAIOR ESPLENDOR, GRAZAS, FUNDAMENTALMENTE, A SÚA PROXIMIDADE A SANTIAGO DE COMPOSTELA. DURANTE ESTA ÉPOCA, ERA COÑECIDA COMO O «PORTUS APOSTOLI», ISTO É, O PORTO DO APÓSTOLO, QUE FOI UTILIZADO NO PASADO POLOS PEREGRINOS PARA REALIZAR O SEU CAMIÑO CARA A SANTIAGO. HOXE EN DÍA, ESTE PORTO DESAPARECEU DEBIDO A UN PROCESO DE SEDIMENTACIÓN NA RÍA, OCORRIDO AO LONGO DO SÉCULO XIX.

A nosa ruta comeza nos **xardíns Felipe de Castro** ¹, un lugar de doado acceso, con boa sinalización, parque público e coa estación de autobuses a 400 metros. Na praza atópase a CASA CONSISTORIAL, construída no século XX en parte das dependencias do antigo convento de San Francisco. A fachada principal presenta unha torre neogótica, cun grande arco de acceso e o escudo de Noia labrado, onde aparecen Noé e a súa arca, xa que varias lendas vinculan a fundación da vila co diluvio universal.

No interior do edificio atópase o CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO, de estilo tardo gótico-renacentista, decorado con esculturas e escudos familiares que rememoran a importancia histórica da vila, entre os que destacan os Bermúdez, os Caamaño ou os Mariño, importantes familias residentes en Noia.

A IGREXA DE SAN FRANCISCO, edificada no século XVI, é de estilo renacentista e púidose construír grazas aos donativos da nobreza da zona. No interior, a capela situada no lado da Epístola (mirando cara ao altar, á dereita) acolle, baixo arcos moi rebaixados, os sepulcros de Francisco Bermúdez de Castro, cabaleiro da Orde de San Xoán de Malta, e



PÁXINAS ANTERIORES Igrexa de San Martiño

PÁXINA OPOSTA Xardíns Felipe Castro

ABAIXO Claustro de San Francisco



de Pedro Losada, membro da Garda Real. A capela maior está presidida por un colorido retablo do século XX, onde se representa á Inmaculada entre as imaxes de Santa Clara e San Francisco, acompañados de vinte e seis figuras do santoral e martiroloxio franciscano.

Na praza están tamén o PALCO DA MÚSICA, do ano 1950, e a sede da Sociedade Liceo, fundada en 1928, que é na actualidade un referente da actividade cultural da comarca.



A sociedade conta con preto de 3 200 socios e o edificio que a acolle, desde 1961, ergueuse na antiga «Horta dos Frades».

Deixamos a praza e adentrámonos na vila medieval a través da **rúa da Porta da Vila** ②, chamada así porque aquí estaba unha das doce portas da muralla, hoxe desaparecida, que defendía a cidade vella de Noia. Na esquina coa rúa Rodríguez Cadarso podemos ver restos arqueolóxicos do ACUEDUTO DO SÉCULO XV. Ao seu carón hai un edificio de 1829 rehabilitado para o turismo «mariñeiro»: Casa Mar da Vila. Este aloxamento conta con restaurante, cafetería e unha ampla terraza de 320 metros cadrados no patio da vella residencia.

ARRIBA Palco da Música

ABAIXO Rosetón de Santa María A Nova


PÁXINA OPOSTA, ARRIBA Santa María A Nova

PÁXINA OPOSTA, ABAIXO Lápida do Peregrino

No nº11 da mesma rúa atopamos a reloxaría-xoiaría Vereá, que abriu as súas portas en 1920 e, ao longo destes cen anos, foi rexentada pola mesma familia, que xa vai pola terceira xeración á fronte do negocio.

Moi preto, na rúa do Ferreiro, está a IGREXA DE SANTA MARÍA A NOVA, coñecida polo seu cemiterio con máis de 500 lápidas gremiais e polo seu orixinal estilo gótico mariñeiro. Foi consagrada no ano 1327, tal e como figura na inscrición do tímpano da porta sur. Emporiso, a igrexa sufriu múltiples reformas ao longo da súa historia e así o testemuña a capela dos Carneiro, de estilo plateresco, cuberta por unha bóveda en forma de cuncha de vieira.

No seu interior acolle unha exposición de lápidas gremiais, que se datan entre os séculos XII ao XIX e levan labrados símbolos alusivos ao oficio que tiña o defunto, coma áncoras de mariñeiros, tesoiras de xastres, pegadas dos zapateiros... Entre todas elas



destaca a do carpinteiro de ribeira, coñecida como a Lápida do Peregrino, por representar unha figura co bordón e a indumentaria dos peregrinos. Especial mención merece tamén o sepulcro de Ioan de Estivadas, un comerciante e importante adegueiro de Noia do século XVI, que serviu de inspiración a Javier Sierra para escribir a súa popular novela *El ángel perdido*.

No exterior podemos pasear por un dos cemiterios máis fermosos de España e descubrir, entre lápidas gremiais e tumbas, un dos poucos cruceiros con baldaquino que existen en Galicia.

Xusto fronte á igrexa atópase a CASA GARCÍA SUÁREZ, un palacete do século XVIII con imponente escudo de fidalguía. Nos seus baixos está o Mesón Senra, un bo sitio para degustar o prato estrela da gastronomía local: a empánada de millo e berberechos.



Dirixímonos dende aquí á **rúa do Curro** ③, que debe o seu nome ás corridas de touros que, noutra época, alí se celebraban. Hoxe é a principal rúa comercial da cidade vella e nela ten lugar, tódolos xoves e domingos do ano, un pintoresco mercado que completa a oferta de negocios propios do comercio tradicional, coma: mercerías, florerías, zapatarías, moda e confección ou froitarías.

O **PAZO DO BISPO** (rúa de Oviedo Arce) é un edificio gótico do século XV coas características típicas da zona: robusto, tendencia á verticalidade e soportais con arcos apuntados.

Outro edificio significativo da rúa do Curro é o **ANTIGO HOSPITAL DE ADENTRO**, que foi creado en 1467 para albergar peregrinos e, anos

ARRIBA Casa García Suárez
ABAIXO Teatro Coliseo Noela

máis tarde, pasaría a cumprir funcións como Casa de Gramática. Da primitiva construción consérvanse un pórtico de arco apuntado, adornado con bólas e puntas de cravo, e as vieiras do tímpano, símbolo da Mitra compostelá.

Un pouco máis adiante, o **TEATRO COLISEO NOELA**, inaugurado en 1921, un dos mellores exemplos de arquitectura modernista, que comezou a súa actividade con zarzuelas, teatro, conferencias e concertos e que en 1966 foi reconvertido en cine. Tras varios anos de abandono e despois dunha meticulosa rehabilitación, volveu abrir as súas portas, recuperando o esplendor doutros tempos. Non podemos abandonar esta rúa sen visitar a **PRAZA DE ABASTOS** e gozar da gran variedade de produtos frescos que ofrece da ría de Muros e Noia.

O noso paseo desemboca na **praza da Constitución** ④, onde nos atopamos co **Bar Lelé**, o máis antigo de Noia, aberto desde o ano 1925



e que apenas tivo ningunha reforma. Alí non falta á cita noíeses de tódalas idades para ler a prensa, xogar a partida ou tomar un viño.

Ao seu carón, a **Librería Blanco**, que, ademais de ofrecer libros, prensa e revistas, tamén é tenda de xoguetes e artigos de agasallo, estableceuse na Casa da Xouba, construída no século XV con tres alturas e grandes muros de cantaría. Na fachada chámamos a atención os arcos oxivais e o soportal con balconada de ferro.

Moi preto de alí localízase a **praza do Tapal** ⑤, que debe o seu nome á Fortaleza do Tapal, un recinto fortificado anterior ás murallas que se atopaba na parte máis alta da vila. O seu interior albergaba o cárcere da Mitra e o Pazo dos Churruchaos, do cal se conserva unha pequena ventá gótica. Na planta baixa deste pazo gótico atopamos o **Bar Tapal**, perfecto para facer unha breve parada no noso percorrido e tomar un café con vistas á maxestosa igrexa de San Martiño que logo



visitaremos. No centro está o cruceiro do Tapal, co capitel e coa cruz profusamente decorados, esta última rematada con motivos florais.

A **IGREXA DE SAN MARTIÑO**, construída no século XV, é unha das xoias do gótico galego, co seu aspecto de fortaleza, o seu gran rosetón e a súa fermosa portada, en cuxos laterais se representan os doce apóstolos. No arco superior, aparece unha representación de Cristo acompañado de anciáns portando instrumentos medievais. A ausencia dunha torre, inacabada dende hai seiscentos anos, suscitou numerosas lendas. Coñéceselle tamén como a igrexa maldita porque aquí se rodou, no ano 1973, *A Campá do Inferno* e unha das escenas principais da película reproducía a caída do protagonista dende o campanario.

ARRIBA Bar Lelé
ABAIXO Igrexa de San Martiño





Esta escena de ficción fíxose realidade cando o seu director, o famoso cineasta Claudio Guerín, se precipitou ao baleiro mentres traballaba na súa rodaxe.

Baixamos pola **rúa da Peregrina 6** e chegamos ao **dique Gasset 7** e ao **dique Cadarso**, onde podemos ver a ría coa nova ponte atirantada ao fondo e o que, nalgún momento, foi o porto de Compostela, ao que arribaban os peregrinos no seu camiño cara a Santiago.

Adentrarémonos de novo na zona vella pola rúa do Arcebispo Lope de Mendoza, onde se poden ver restos da antiga muralla. Continuamos pola rúas da Condesa e do Arcebispo Berenguel de Landoira para chegar á **rúa do Cantón 8**, coñecida por ser a zona dedicada ás tapas. Estableceuse aquí a *Tasca Típica*, nun maxestoso edificio gótico, o PAZO DA COSTA, a construción do cal data do século XIV e que destaca polos seus catro arcos góticos e polos seus escudos de armas expos-



tos na fachada principal. Ao seu carón, está a *Adega do Pazo*, especializada en cócteles e cunha coqueta terraza interior.

No nº 13, atópase unha das poucas tendas de venda de armas de Galicia, a *Armería Romani*, un dos comercios máis vellos de Noia, con máis de cen anos de historia ás súas costas, que comezou á súa actividade a principios do século XX da man de Severo González. Nos seus inicios foi unha ferraxaría na que se despachaba todo tipo de produtos e, posteriormente, ampliou o negocio á venda de pólvora e armas. Sempre mantendo o negocio familiar, Rodrigo Romani, a cuarta xeración, leva máis de vinte anos á fronte



ARRIBA Armería Romani
ABAIXO a Tasca Típica
PÁXINA OPOSTA Droguería Luma

dun establecemento que conserva gran parte do mobiliario orixinal, coma o mostrador de madeira.

Outro dos comercios históricos de Noia, con máis de 70 anos de antigüidade, é a *Droguería Luma*, que ocupa o baixo do nº 6 da rúa do Cantón. Hoxe a venda de recordos convive coa de cosméticos, xoguetes e produtos propios dun bazar. Xusto en fronte, outro comercio con tradición, *Confecções Taboada* que leva vestindo aos homes de Noia dende a súa apertura en 1936.

A contigua rúa do Comercio pódese considerar, coma o seu nome suxire, un pequeno centro comercial aberto, pola cantidade de negocios de carácter familiar que levan, algúns, máis dun século prestando servizo a veciños e visitantes. Entre eles están *Rasgos* que xa vai pola terceira xeración atendendo o negocio, *Lencería Delfina* aberta en 1928, *xoiaría-reloxaría Allut* que abriu as súas portas alá polo 1914 ou *Tejidos Lama* dende 1938. Destacan especialmente a *Farmacia Antonio Busto*, a segunda botica máis antiga de Galicia, fundada no ano 1750 e que conserva estantes e botame do momento da súa



apertura, ou a *Librería Loroño Laciana*, que dende principios do século XIX está rexentada pola mesma familia. Este establecemento que naceu como tenda de ultramarinos e bazar, logo pasaría a ser unha imprenta –aínda podemos ver o cartel na porta de entrada– para evolucionar a librería e quiosco, onde podemos atopar unha boa colección de libros sobre a vila de Noia e a súa comarca.

Noia é coñecida polos seus zapateiros, un oficio moi arraigado na vila que, así a todo, foise perdendo co paso dos anos. Hoxe o que quedan son, principalmente, tendas de venda de zapatos case en cada esquina, coma *Calzados Rama*, no nº 6 da rúa do Comercio, un negocio familiar fundado en 1929, que nos ofrece unhas instalacións renovadas.

A nosa visita finaliza no mesmo punto en que comezara, os **xardíns Felipe de Castro** 1, presididos por un busto do famoso escultor noiés do século XVIII. No mesmo xardín sitúanse tamén as esculturas de dous ilustres poetas aos que se lles dedicou en 2003 e 2007 o Día das Letras Galegas, Antón Avilés de Taramancos e María Mariño, alcumada «A Costureira».

Nas inmediacións, no nº 8 da rúa Galicia, podemos ver o vello *CASINO DE NOIA*, que no pasado século foi toda unha referencia

na comarca. Polos seus salóns desfilaron persoeiros tan ilustres coma Otero Pedrayo, Álvaro de las Casas ou Antón Avilés de Taramancos. Esta edificación, de 1928, obra do canteiro Pedro de Agulla, foi recentemente restaurada e nos seus baixos sitúase a oficina de información turística de Noia.

Moi preto, no nº 2 da rúa Galicia, atópase unha das máis famosas confeitarias de Noia, a *Pastelería Dominga*, onde, durante as festas de verán, elaboran uns curiosos doces en forma de sancosmeiro, un sombreiro de palla que forma parte da indumentaria popular da bisbarra. Ofrécenos tamén a posibilidade de tomar un café ou un té na súa moderna cafetería e probar a especialidade da casa: o dobrado. Un follado enornado e reenchido de crema pasteira que levan elaborando coa mesma receita familiar dende 1966, ano de apertura do establecemento.

En fronte, no nº 2 da rúa Montero Ríos, está a *librería Sementeira*, vencellada á editorial Toxosoutos, que naceu coa intención de difundir a riqueza histórica e artística de Noia e Galicia. Esta librería, pioneira no fomento da literatura galega, á parte de libros, tamén comercializa a afamada porcelana de Sargadelos.

O Cruceiro de Eiroa

A menos de tres quilómetros do centro de Noia e seguindo a AC-550 en dirección Muros, localízase un dos cruceiros mellor labrados de Galicia. A escena que contemplamos é o desencravo, o descenso do corpo de Xesús para entregarllo á Virxe María. No capitel catro anxos terman dos símbolos da Paixón do Señor e, na base, lese a inscrición: « fíxose a devoción de Agustín Pérez no ano 1879», sendo este un dos industriais vencellado ao curtido de peles. En Noia, a actividade do curtido de peles foi moi importante posto que, entre 1940 e 1960, houbo unhas cincuenta fábricas que daban traballo a máis de 300 persoas, xa que esta actividade requiría moita man de obra. A última fábrica pechou na década dos 90.

Os Muíños de Pedrachán

O barrio de Pedrachán é unha pequena xoia natural e etnográfica, coñecido polos seus muíños medievais, que foron propiedade do conde de San Bernardo, Antonio Cortés de Mendoza e Soutomaior. Os muíños localízanse na beira dereito do río Traba e extra muros, para evitar que a súa actividade amolase á poboación.

PÁXINA OPOSTA Senderismo polo río San Xusto
ABAIXO Antiga Central Hidroeléctrica do Tambre

A zona foi restaurada, conservando practicamente o seu aspecto orixinal, e converteuse nun lugar ideal para dar un paseo entre os muíños, as canles, as comportas ou o lavadoiro.

A Ribeira do Tambre

A escasos quilómetros de Noia, podemos visitar a desembocadura do río Tambre, que forma a ría de Muros e Noia. Na zona existen varias rutas de sendeirismo que permiten gozar da riqueza natural da Devesa de Nimo e do patrimonio industrial da vella Central Hidroeléctrica, obra de 1924, do prestixioso arquitecto Antonio Palacios. Os traballadores da fábrica vivían en aloxamentos específicos que foron rehabilitados e reconvertidos no Hotel de Natureza La Pesquería del Tambre.





გზიციბ